

VIEIROS

Irimia

Xestionado pola [Asociación Irimia](#)

O fachineiro do libro de Clodio

Álvarez Blázquez

Xa empeza a ser un clásico o libro de Clodio. E, claro, sempre que falamos do “libro de Clodio” referímonos, polo menos, ao penúltimo, porque hai que contar co traballo incansable deste prolífico irimego que se encontra desde hai décadas en plena madurez creativa e investigadora. A finais do mes de xuño a Real Academia Galega anunciaba que o ano 2008 ía ser o ano de Xosé María Álvarez Blázquez, e en setembro xa dispoñiamos do volume de Clodio onde non só repasa o camiño deste home que viviu entre libros, senón que ofrece textos e bibliografía máis ca suficiente para un achegamento serio á vida deste poeta, narrador, dramaturgo, filólogo, arqueólogo, editor e dinamizador cultural. Non é que sexa un descoñecido coma o era María Mariño, pero ata este ano a información media de calquera que non se interesase pola súa obra é a dunha vaga pertenza ao movemento neotrobadoresco. Temos todo este ano para saber máis cousas sobre este home, que segundo un dos seus tres fillos escritores, foi moito máis importante na nosa historia cultural do que todos, ata agora, cremos.

A. Q. - 17:10 14/01/2008

Xa empeza a ser un clásico o libro de Clodio. E, claro, sempre que falamos do “libro de Clodio” referímonos, polo menos, ao penúltimo, porque hai que contar co traballo incansable deste prolífico irimego que se encontra desde hai décadas en plena madurez creativa e investigadora. A finais do mes de xuño a Real Academia Galega anunciaba que o ano 2008 ía ser o ano de Xosé María Álvarez Blázquez, e en setembro xa dispoñiamos do volume de Clodio onde non só repasa o camiño deste home que viviu entre libros, senón que ofrece textos e bibliografía máis ca suficiente para un achegamento serio á vida deste poeta, narrador, dramaturgo, filólogo, arqueólogo, editor e dinamizador cultural. Non é que sexa un descoñecido coma o era María Mariño, pero ata este ano a información media de calquera que non se interesase pola súa obra é a dunha vaga pertenza ao movemento neotrobadoresco. Temos todo este ano para saber máis cousas sobre este home, que segundo un dos seus tres fillos escritores, foi moito máis importante na nosa historia cultural do que todos, ata agora, cremos.